



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**EXPTE. 2023/G010/000008**

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA-ORGANIZACIÓN CONCELLO PLENO 26 DE XUÑO DE 2023

#### **Srs./ Sras. Asistentes:**

#### **Sra. Alcaldesa-Presidenta:**

**Dna. Sandra Insua Rial**

#### **Sres./Sras. Concelleiros/as:**

**Dna. Encarnación Liñeiro Pouso**

**D. Sergio Caamaño Fernández**

**D. Fabián Canosa Pasantes**

**D. Germán Camiño Mouzo**

**Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño**

**D. José Francisco Carril Ageitos**

**Dna. Paula Mouzo Mas**

**D. Juan Carlos Sambade Amado**

**D. Manuel Mejuto Rios**

**Dna. Marta M<sup>a</sup> Mouzo Pose**

**D. Xurxo M. Rodriguez Baña**

#### **Escusa a súa asistencia:**

**Dna. Begoña Tajés Méndez**

#### **Secretaria:**

**Dna. M<sup>a</sup> Lourdes Castro Pena**

#### **Interventora:**

**M<sup>a</sup> Emilia García Maneiro**

En Camariñas, sendo as 9:30 horas do día  **vinte seis de dous mil vinte tres** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. María Lourdes Castro Pena, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria organizativa**.

A sesión se celebra, no Salón de Plenos segundo quedou establecido no Decreto da Alcaldía 588/2023, de data 21 de xuño, polo que se procedeu á convocatoria da sesión.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

### ORDE DO DÍA



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

#### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DE DATA 17 DE XUÑO DE 2023

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión constitutiva (2023/G010/000007) celebrada o día 17 de xuño de 2023** e que estaba pendente de aprobar.

Por parte do concelleiro do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez, indica que na acta, no momento que se lles concede a palabra, o extractado pola secretaria é incongruente e non coincide co espírito do que el quería transmitir.

A Secretaria municipal indica que a redacción das actas é unha competencia dela de acordo co ROF, e que non se vai a modificar dado que se trata dun contido sucinto do debate, non afectando a ningún acordo concreto, senón o discurso, o que manifesta como incongruente o concelleiro.

Non habendo ningunha intervención mais e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (7 grupo municipal socialista, 3 grupo municipal do PP)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a acta da sesión constitutiva de 17 de xuño de 2023.

#### 2.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA ELECCIÓNS XERAIS A CELEBRAR O DÍA 23 DE XULLO

Procédese a través de medios informáticos ao sorteo dos membros da mesas electorais para as Eleccións Xerais 2023, sendo o resultado do/s mesmo/s o/s seguinte/s:

<b>CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 001, MESA U</b>		
<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	VAZQUEZ CIBRAN, NATALIA	***1966**
1r Vogal:	PASANTES CASTIÑEIRA, ISABEL	***6644**
2º Vogal:	ANTELO VIEITES, JUAN	***1180**
<b>SUPLENTES</b>		
1r de Presidente/a:	PEREZ, SANCHEZ, MARTA	***3134**
2º de Presidente/a:	SANTOS ALVEZ, FATIMA	***0000**
1r de 1r Vogal:	PEREZ PEREZ, MIGUEL ANGEL	***2822**
2º de 1r Vogal:	LISTA LUACES, Mª ISABEL	***1627**
1r de 2º Vogal:	TEDIN TEDIN, DIANA Mª	***2697**
2º de 2º Vogal:	TRILLO CABREJO, Mª JOSE	***1263**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 002, MESA A**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	LEIS MOUZO, JOSE MANUEL	***2122**
1r Vogal:	BAÑA MOUZO, FRANCISCO JOSE	***6212**
2º Vogal:	BUSTO ESPASANDIN, JAIME	***0347**

#### **SUPLENTE**

1r de Presidente/a:	LEMA MARTINEZ, LARA	***0024**
2º de Presidente/a:	LOUZAN CASTIÑEIRA, DAVID	***6920**
1r de 1r Vogal:	TAJES CARRIL, JOSEFINA	***6279**
2º de 1r Vogal:	REY POUSO, ISABEL	***3492**
1r de 2º Vogal:	CANOSA REY, ANTONIO JOSE	***2823**
2º de 2º Vogal:	PAZ LUACES, SERGIO	***2425**

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 002, MESA B**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	RAMOS CAMPOS, SABELA	***2138**
1r Vogal:	MOREIRA CARRIL, ROSARIO	***2315**
2º Vogal:	BARCIA ALBORES, M ELBA	***3849**

#### **SUPLENTE**

1r de Presidente/a:	TOBA MARTINEZ, AINHOA	***1180**
2º de Presidente/a:	SAADI TAMINE, AZZEDINE	***5319**
1r de 1r Vogal:	CARRIL TOBA, MICHAEL	***3517**
2º de 1r Vogal:	TOBA MARTINEZ, NOEMI	***1180**
1r de 2º Vogal:	IGLESIAS TEDIN, PAULA	***0565**
2º de 2º Vogal:	OANES SUAREZ, BORJA	***0829**

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 003, MESA U**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	CANTO MIÑONES, NOELIA	***1007**
1r Vogal:	DIOS RODRIGUEZ, MARIO	***5996**
2º Vogal:	CANOSA FIGUEROA, VERONICA	***0268**

#### **SUPLENTE**

1r de Presidente/a:	GONZALEZ ZURDO, GABRIEL	***9248**
2º de Presidente/a:	RODRIGUEZ PEREZ, ANA M <sup>a</sup>	***9755**
1r de 1r Vogal:	MARTINEZ MARTINEZ, JOSE	***5107**
2º de 1r Vogal:	CASTRO CURES, TANIA	***2952**
1r de 2º Vogal:	ROJO BERMUDEZ, HECTOR	***6272**
2º de 2º Vogal:	RIAL CASTRO, M <sup>a</sup> PLACERES	***3352**

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 004, MESA U**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	GARCIA BELLO, ROCIO	***3698**
1r Vogal:	SAR VILLAR, JESUS MANUEL	***3855**
2º Vogal:	MOUZO SANCHEZ, M <sup>a</sup> DOLORES	***7829**

#### **SUPLENTE**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

1r de Presidente/a:	BLANCO GONZALEZ, YOLANDA	***1844**
2º de Presidente/a:	CARBALLO REY, ANGEL RAMON	***2581**
1r de 1r Vogal:	MOUZO YOUNG, REDECCA	***5267**
2º de 1r Vogal:	SANTOS BAROSO, MARIO	***3037**
1r de 2º Vogal:	PARGA DIOS, MANUEL	***3196**
2º de 2º Vogal:	ALLONES MARTINEZ, SEBASTIAN	***1350**

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 005, MESA A**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	POSE SUAREZ, NURIA	***0830**
1r Vogal:	ROMANI CARRACEDO, JOSE LUIS	***1091**
2º Vogal:	PEREZ CANOSA, AITANA	***0181**

### **SUPLENTE**

1r de Presidente/a:	CAAMAÑO SUAREZ, Mª MARTA	***0091**
2º de Presidente/a:	RODRIGUEZ ROMAR, ANDREA	***0313**
1r de 1r Vogal:	SUAREZ CIVES, DIEGO	***4684**
2º de 1r Vogal:	PEREZ PEREZ, MANUEL	***5997**
1r de 2º Vogal:	BUA TRILLO, Mª VICTORIA	***6527**
2º de 2º Vogal:	TAJES BAÑA, Mª CARMEN	***6967**

### **CAMARIÑAS, DISTRITO 1, SECCIÓN 005, MESA B**

<b>TITULARES</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
Presidente/a:	ROMERO CASTRO, ISABEL	***1575**
1r Vogal:	TAJES MOUZO, VANESA	***0152**
2º Vogal:	MARCOTE CARRACEDO, Mª BELEN	***1503**

### **SUPLENTE**

1r de Presidente/a:	PORRAS CARRIL, JOSE ANTONIO	***0180**
2º de Presidente/a:	FUENTES PARDIÑAS, NURIA	***7953**
1r de 1r Vogal:	PEREZ DOMINGUEZ, MARTIN	***3809**
2º de 1r Vogal:	PARDIÑAS MOUZO, MANUEL FCO.	***6413**
1r de 2º Vogal:	ALBORES LOBELOS, VANESA	***3088**
2º de 2º Vogal:	POSE RODRIGUEZ, MARTIN	***7751**

Caso de que algún dos elixidos fora escusado do seu deber pola Xunta Electoral no período de alegacións, será nomeado o seguinte na lista de acordo co resultado do sorteo realizado co programa, dado que permitiu o sorteo de suplentes extraordinarios.

Así mesmo se acorda, por unanimidade dos presentes, facultar á Sra. Alcaldesa, no caso de que sexa preciso, a realizar cantos sorteos sexan necesarios para dar cumprimento ás comunicacións que se podan recibir da Xunta Electora de Zona relativas á solicitude de novos nomeamentos de membros de mesa cando non existan máis designados polo Pleno do Concello.

### **3.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e oito de maio, faise necesario fixar a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

Visto o establecido nos art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia art. 46 e ss do RD Lex 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local e os art. 38 e 77 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último venres de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no salón de sesións da Casa do Concello.

Facultar o Señor/a Alcalde/sa para modificar a celebración do Pleno Ordinario, pospoñendo ou avanzando a celebración das Sesións Ordinarias do Pleno dentro do mes da súa celebración, cando elo non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, motivado porque o día fixado sexa festivo ou inhábil, ou se estime necesario por motivos debidamente xustificadas, sempre debendo avisar o resto dos concelleiros do cambio por escrito e dos motivos que levan a elo, manténdose a hora da celebración nas vinte horas (20:00 horas).

**Segundo.** Establecer que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria unha vez cada quince días, no día e hora que se estableza por Decreto da Alcaldía.”

A Sra. Alcaldesa modifica a proposta inicial e mantén as 20 horas, como na lexislatura anterior.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

<b>Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista,)</b> <b>Votos en contra: 0</b> <b>Abstencións: 4 (3 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)</b>
--

Queda aprobado a proposta de acordo por maioría dos membros presentes.

#### **4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275

Visto que o art. 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que nos Concello de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e dos/As Concelleiros/as que ostenten delegación, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao pleno.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Visto que o devandito artigo establece que todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de Concelleiros/as pertencentes ao mesmos en proporción ao número de Concelleiros/as que teñan no Pleno.

Visto que o art. 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios de acordo coa estrutura prevista no art. 116 da mesma norma.

Considerando, pois, o establecido no art. 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o art. 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 38, 123 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.** Crear unha comisión informativa coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento:

1.- Denominación: Comisión Informativa de Asuntos Xerais permanente.

2.- Ámbito competencial: A Comisión Informativa de Asuntos Xerais exercerá as competencias nas materias que non foran expresamente atribuídas á Comisión Especial de Contas.

3.- Composición. A Comisión Informativa de Asuntos Xerais quedará integrada por sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os dous grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo municipal socialista catro postos (4 postos), ao grupo municipal do partido popular de Camariñas dous postos (2 postos) e ao grupo mixto-BNG un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

A Alcaldesa é o Presidenta nata da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

4.- Réxime de funcionamento da Comisión. Dado que a finalidade da Comisión Informativa é o estudo, informe e consulta dos asuntos que se someterán ao Pleno, as sesións ordinarias terán lugar coa antelación suficiente a celebración do Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde-Presidente das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria, cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

**Segundo.** Constituír a Comisión Especial de Contas permanente, ao abeiro dos arts. 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

1.- Ámbito competencial: O atribuído polos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 127.2 do RD 2568/1986, do 28 de



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Así mesmo actuará como Comisión Informativa para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade, ao abeiro do art. 127.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

2.- Composición: A Comisión Especial de Contas quedará integrada por sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os dous grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo municipal socialista catro postos (4 postos), ao grupo municipal do partido popular de Camariñas dous postos (2 postos) e ao grupo mixto-BNG un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

A Alcadesa é a Presidenta nata da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

3.- Réxime de funcionamento: Dado que a finalidade da Comisión Informativa é o estudo, informe e consulta dos asuntos que se someterán ao Pleno, as sesións ordinarias terán lugar coa antelación suficiente a celebración do Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde-Presidente das mesmas, que se fará constar na respectiva convocatoria, cun mínimo de dous días hábiles de antelación á sesión da correspondente sesión informativa competente, por razón da materia.

Así mesmo celebrará sesión ordinaria dentro dos prazos legalmente establecidos pola normativa de facendas e réxime local no relativo ás contas anuais do Concello.

**Terceiro.** Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

<b>Votos a favor: 11 (7 grupo municipal socialista, 3 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)</b> <b>Votos en contra: 0</b> <b>Abstencións: 0</b>
---

Queda aprobado a proposta de acordo por maioría dos membros presentes.

### **5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DE COMPETENCIA DO PLENO**

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado vinte e oito de maio, faise necesario levar a cabo o nomeamento dos representantes do Concello en determinados órganos colexiados nos que está representado,



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Visto o establecido no art. 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Nomear de conformidade co previsto no art. 126 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aos seguintes representantes do Concello no Consellos Escolares dos centros públicos radicados no termo municipal.

No Colexio de Educación Infantil e Primaria “O Areal” a Dna. Sandra Insua Rial (titular) e a D. Sergio Caamaño Fernández (suplente).

No Colexio de Educación Infantil e Primaria de Camelle a Dna. Begoña Tajés Méndez (titular) e a D. Sergio Caamaño Fernández (suplente).

No Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ponte do Porto a Dna. Encarnación Liñeiro Pouso (titular) e a Dna. Begoña Tajés Méndez (suplente).

No Instituto de Educación Secundaria Pedra da Aguia a Dna. Begoña Tajés Méndez (titular) e a Dna. Encarnación Liñeiro Pouso (suplente).

**Segundo.** Nomear de conformidade co previsto nos arts. 10 e 11 do Estatuto do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como representante do Concello na asemblea xeral/pleno do devandito Consorcio a Dna. Sandra Insua Rial.

**Terceiro.** Nomear, de conformidade co previsto no art. 2.6 da orde de 23 de maio de 2008 pola que se crea a Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, como representantes do Concello na Asemblea Xeral da rede a D. Sergio Caamaño Fernández (vogal titular) e a Dna. Encarnación Liñeiro Pouso (vogal suplente).

**Cuarto.** Nomear, de conformidade co art. 5 do Decreto 183/2011, polo que se regulan as mesas locais de comercio como representante da administración municipal neste órgano a Dna. Begoña Tajés Méndez e suplente Dna. Sandra Insua Rial.

**Quinto.** Nomear como representantes do Concello nos órganos colexiados que a continuación se relacionan ás/aos seguintes Concelleiras/os:

Na “Asociación Galega de Concellos con Danzas Brancas ou Gremiais” a D Dna. Encarnación Liñeiro Pouso (titular) e Dna. Begoña Tajés Méndez (suplente).

Na Asociación “Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT)” a Dna. Sandra Insua Rial e no caso de non poder acudir esta a Dna. Encarnación Liñeiro Pouso.

No “Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte (GDR)” a Dna. Sandra Insua Rial e no caso de non poder acudir esta a D. Sergio Caamaño Fernández.

No “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa da Morte (GALP)” a Dna. Sandra Insua Rial e no caso de non poder acudir esta a D. Sergio Caamaño Fernández.

**Sexto.** Notificar a presente aos nomeados e dar traslado do presente acordo aos correspondentes órganos.”





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 4 (3 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado a proposta de acordo por maioría dos membros presentes.

### **6.- ESTABLECEMENTO DO RÉXIME DE DEDICACIÓN, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTTE TEDEC: 2023/X999/000275

Considerando que o art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan dedicación exclusiva ou parcial aos mesmos, sendo dados de alta no réxime xeral da seguridade social e asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando o volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza nesta corporación faise necesario, para o seu axeitado seguimento e atención específica, que diversos membros do grupo de goberno desempeñen o seu cargo, alcaldía e concellarías delegadas, en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

Considerando así mesmo que o citado art. 75 recoñece o dereito dos membros da Corporación que non teñan dedicación parcial ou exclusiva a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados resulta preciso proceder a determinación das mesmas.

Vistos os informes emitidos pola intervención municipal.

Considerando pois os fundamentos anteriormente expostos e visto o establecido no arts. 75, 75 bis) e 75 ter) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

**Primeiro:** Determinar o réxime de dedicación, exclusiva ou parcial, para os seguintes cargos da corporación e pola seguintes contías:

1.- Cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

<b>CARGO</b>	<b>RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL</b> (14 pagas)
--------------	--



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Alcaldía	35.683,62 €
Concellaría delegada de Urbanismo, Medio Ambiente, Emprego e Administración Xeral	22.449,56 €
Concellaría delegada de Cultura, Encaixe, Turismo e limpeza e ornato	22.449,56 €

#### 2.- Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial.

Desempeñaranse en réxime de dedicación parcial o seguinte cargo da Corporación, cos dereitos e obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual que a continuación se indica:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 pagas)
Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade e Comercio	15.714,72 €

3.- A retribución bruta anual en ambos casos estará dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía, a percibir nos meses de xuño e decembro.

Ditas retribucións por dedicación a cargos da corporación, incrementaranse na mesma porcentaxe que para os empregados públicos determine a lei de orzamentos xerais do estado ou calquera outra norma que o regule.

**Segundo:** Que a retribución bruta anual da Concellería e desempeñar en réxime de dedicación parcial ao 70% sexa proporcional ao número de horas de dedicación efectiva tomando como referencia trinta e sete hora e media, polo que se establece unha dedicación mínima de vinte e dous horas e media semanais, en un horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

**Terceiro:** Que os membros da Corporación que vaian desenvolver os seu cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial sexan dados de alta no réxime xeral da seguridade social.

**Cuarto:** Que o presente acordo produza efectos desde o día seguinte a súa adopción, non obstante é de conformidade co art. 13.4 ROF para a percepción das correspondentes retribución se requirirá a previa aceptación, no prazo de tres días, do réxime de dedicación a cuxos efectos o presente acordo deberá ser notificado a Dna. Sandra Inua Rial, D. Sergio Camaño Fernández, Dna. Encarnación Liñeiro Pouso e Dna. Begoña Tajés Méndez.

**Quinto:** Aprobar o seguinte réxime de indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados para os membros da Corporación que non teñan atribuída dedicación parcial ou exclusiva:

Por asistencia ás sesións plenarias: 120,00 €

Por asistencia ás sesións da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e da Comisión Especial de Contas: 120,00 €

Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 80,00 €



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**Sexto:** Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e procédase de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Queda alcaldía con 35.683,62 €, os concelleiros de Urbanismo, Sergio e da Mostra, Encarna, con dedicación exclusiva quedan en 22.449,56 €, a dedicación parcial de Begoña ascende este ano a 15.714,72 € e as asistencias a pleno e comisión 120 €, e xunta de goberno local 80€, tal e como están no acordo.”

**A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo:** “Non poden apoiar esta proposta de soldos e de asistencias, este gasto non se traduce en resultados, en boa xestión para os veciños; non podemos subir as taxas e vos cobrar soldos xenerosos.”

**O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez:** “Hai uns meses en Pleno reducíronse as dietas por asistencias a órganos colexiados para cumprir o Plan de Axuste para facer fronte a débeda, e agora para facer fronte a estes soldos e subida de asistencias que propoñen, débense tomar medidas noutras partidas, segundo indica o informe de intervención. Subiron taxas e agora soben soldos, non ten sentido. Deberían reducir salarios e dedicacións co excesivo endebedamento que ten este Concello, a vista ademais do que indica o informe de intervención”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O que nos corresponde por poboación e segundo a lei de orzamentos do estado, son 160.000 € para dedicacións, e a nosa proposta suma 96.000 € e ademais entra na Xunta de Goberno Local, Begoña, o que supón un aforro de 160 € ao mes. A nosa proposta esta lonxe da cantidade máxima permitida. Nos non subimos as taxas polos campamentos de verán, non trouxemos ningún acordo a Pleno, son entidades externas as que cobran polo campamento. O que podeades e dicir que non queredes cobrar polas asistencias a órganos colexiados o BNG e o PP.”

**O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez:** “O Alcalde de Miño non cobra dedicación, podían facer o mesmo.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O Alcalde non cobra pero ten catro dedicacións. As dedicacións que nos propoñemos en Camariñas, veñen igual dende hai 20 anos. Estamos moito por debaixo do permitido e dedicamos moitas horas a este Concello, sen coller vacacións en catro anos, salvo eu que collo sete días en setembro.”

**O portavoz do grupo mixto-BNG, D. Xurxo Rodríguez:** “Eu son autónomo e tampouco collo vacacións.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “ A dedicación crítica é case unha burla, poderíamos fixar soldos máximos dada a maioría que temos, e contamos con informe de intervención sen reparo, non estamos intervidos.”

**A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo:** “Si que estamos intervidos co Plan de Axuste que temos aprobado.”



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “A concelleira do PP, Paula, agora vas a cobrar catro mil euros ao mes, sen necesidade de sacar unha maioría electoral.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista,)**  
**Votos en contra: 4 (3 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**  
**Abstencións: 0**

Queda aprobado a proposta de acordo por maioría dos membros presentes.

### 7º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse lectura a proposta de acordo:

“EXPTTE TEDEC: 2023/X999/000275

Visto que o art. 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LBRL) e o art. 51 do Real Decreto, 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establecen a posibilidade de que o pleno delegue o exercicio das súas competencias atribucións na Alcaldía ou na Xunta de Goberno Local, a excepción das enumeradas neses mesmos artigos.

Visto que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), procede a distribuír e atribuír as competencias en materia de contratación das entidades locais ao pleno e a Alcaldía.

Considerando que se están en tramitación expedientes de contratación nos que, o valor estimado do contrato faría que o órgano de contratación fose o pleno da Corporación.

Considerando que en relación a eses expedientes e de forma máis xeral en relación a calquera outro expediente de contratación debe procederse á delegación das competencias do pleno na Xunta de Goberno Local, ao obxecto de lograr e garantir unha maior axilidade e eficacia na tramitación dos mesmos.

É polo que á vista do exposto e de conformidade co establecido no art. 22 da LBRL e arts. 51 e 114 e seguintes do ROF, é polo que se ACORDA:

**Primeiro:** Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, ou os de duración inferior cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada de seis millóns de euros.

**Segundo:** Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación supere o 10 por cento dos recursos



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe ou a contía indicados. Quedan exceptuadas as concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

**Terceiro:** Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

**Cuarto:** Que as delegacións anteriores se suxeiten ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, ao Pleno da corporación a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

b) Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio destas facultades delegadas indicará esta circunstancia.

c) O Pleno conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia.

d) Os asuntos que deban ser sometidos á Xunta de Goberno no exercicio destas atribucións delegadas deberán ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, salvo os que sexan declarados urxentes, neste último caso darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tivera lugar.

e) O Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas adoptando as mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

f) O Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado no ámbito das delegación efectuadas de conformidade co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

g) O Pleno mantén a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade das atribucións delegadas mediante este acordo de conformidade co art. 41.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

**Cuarto:** Publicar o presente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia, non obstante, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción."

**A portavoz do grupo do PP, Dna. Paula Mouzo:** "Non esta de acordo con que se quiten competencias ao Pleno".

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** "Non é por quitar competencias, e para ganar axilidade nos procedementos de contratación, en todo caso sempre haberá comisión informativa previa."

Tanto a concelleira do PP, Paula Mouzo, como o concelleiro do BNG, Xurxo Rodríguez, manifestan o seu ofrecemento en que conten con eles para calquera asunto de contratación, que se poñen a disposición do goberno.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 7 (7 grupo municipal socialista)**  
**Votos en contra: 4 (3 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**  
**Abstencións: 0**

Queda aprobado a proposta de acordo por maioría dos membros presentes.

### **8.- DACIÓN CONTA DECRETO DE ALCALDÍA RELATIVO A: MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E CONCELLARÍAS DELEGADAS**

Dáse conta do Decreto da Alcaldía 580/2023 de data 19 de xuño, relativo a designación de membros da Xunta Goberno Local, delegación da alcaldía na Xunta de Goberno Local, nomeamentos de tenentes de alcalde e concellerías delegadas.

### **9.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPO POLÍTICOS MUNICIPAIS DE DO GRUPO MIXTO**

Dáse conta da constitución dos grupos políticos e do grupo mixto, adscrición aos mesmos dos/das Concelleiros/as e designación de voceiros/as, mediante sendos escritos presentados no Concello e asinados por todos/as os/as Concelleiros/as integrantes dos mesmos.

Escrito do **Grupo Municipal Partido Popular** RXE nº 1621, do 19 de xuño de 2023.

Escrito do **Grupo mixto-BNG** RXE nº 202399900000480, do 19 de xuño de 2023.

Escrito do **Grupo Municipal Socialista** RXE nº 1666, do 21 de xuño de 2019.

**E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 10:48 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.**

**A SECRETARIA**  
**Asd. María Lourdes Castro Pena**